LINGUA GALEGA TEMA 4

1. O GRUPO NOMINAL.

- É o conxunto de palabras que se agrupan en torno ao substantivo. Ex: Aquela casa vermella.
- Pode estar formado por unha ou varias palabras, ex: María. O meu irmán maior. O curmán maior do meu pai, etc
- A súa función é ser suxeito da oración.

1.1 A ESTRUTURA DO GRUPO NOMINAL

- Substantivo: é a palabra máis importante, por iso é o núcleo deste grupo.
- Determinante(artigos, demostrativos, posesivos, numerais etc): o substantivo pode levar unha palabra que o determine, o concrete: **A** nena boa.
- Adxectivos: complementan e especifican o significado do substantivo. A nena **boa**
- Complementos: como presposicións etc.

2. DIPTONGOS, TRIPTONGOS E HIATOS.

- Un **ditongo** é a unión de dúas vogais nunha mesma sílaba. As vogais clasifícanse en abertas (*a*, *e*, *o*) e pechadas (*i*, *u*). Para que se produza un ditongo, unha das dúas vogais ten que ser pechada átona. Exemplo: *aire*. As **palabras con ditongo** seguen as normas xerais de acentuación. Se unha palabra con ditongo ten que levar acento gráfico, este escríbese sempre sobre a vogal aberta (*a*, *e*, *o*). Exemplo: *náutico*, *camión*. Con todo, os ditongos decrecentes (*ai*, *ei*, *oi*, *au*, *eu*, *ou*, *ui*, *iu*) nunca levan acento gráfico cando van na última sílaba dunha palabra. Exemplo: *partiu*, *bocoi*.
- Un **tritongo** é a unión de tres vogais na mesma sílaba: unha vogal aberta situada entre dúas vogais pechadas átonas. Exemplo: *cambiei*. De igual xeito ca os ditongos, os tritongos tamén seguen as normas xerais de acentuación e, se unha palabra ten que levar acento gráfico, este escríbese sobre a vogal tónica aberta.
  Os tritongos son pouco frecuentes en galego; a maioría das secuencias de tres vogais non son tritongos, senón secuencias de vogal + ditongo. Exemplo: *vieira*.

2.2 HIATOS: Un Hiato é cando van xuntas dúas vogais abertas: *area, heroe, correo, avoa, poema…*

- Cando vai unha vogal aberta e outra pechada (ou unha pechada e unha aberta) e o golpe de voz cae na pechada: *raíz, saúdo, raíña, fío, actúo, recúe...*
- Cando van xuntas dúas vogais pechadas e a segunda é tónica: *muíño, miúdo, xuízo, construír, fiúncho...*

3. ACENTO DIACRÍTICO

Con acento gráfico		Sen acento gráfico	
á	contracción *a* + *a*; 'ala'	a	artigo; pronome; preposición
ás	contracción *a* + *as*; 'alas'	as	artigo; pronome
cómpre	'é necesario'	compre	'merque'
dá	presente e imperativo de *dar*	da	contracción *de* + *a*
dás	presente de *dar*	das	contracción *de* + *as*
dó	'compaixón'; nota musical	do	contracción *de* + *o*
é	presente de *ser*	e	conxunción
fóra	adverbio de lugar	fora	pretérito pluscuamperfecto de *ser* e *ir*
má	'mala, ruín'	ma	contracción *me* + *a*
más	'malas, ruíns'	mas	contracción *me* + *as*
máis	adverbio de cantidade	mais	'pero'
nó	'lazo'	no	contracción *en* + *o*
nós	'lazos'; pronome tónico	nos	pronome átono; contracción *en* + *os*
óso	peza do esqueleto	oso	animal plantígrado
pé	parte do corpo	pe	letra
póla	'rama'	pola	'galiña'; contracción *por* + *a*
pór	'poñer'	por	preposición
présa	'apuro'	presa	'prisioneira'; 'encoro'; 'manchea'
só	adverbio; adxectivo	so	preposición
té	'infusión'	te	pronome; letra
vén	presente de *vir*	ven	presente de *ver*; imperativo de *vir*
vés	presente de *vir*	ves	presente de *ver*
vós	pronome tónico	vos	pronome átono

4. A NARRATIVA.

Son as obras nas que o narrador conta os feitos que lles suceden aos personaxes. Elementos:

- Narrador: é quen conta a historia.
- Personaxes: interveñen na historia, hai un que é o principal.
- Acción: son os acontecimientos que suceden, ás veces divídense en varias partes chamadas episodios, capítulos, etc.
- Marco Narrativo: é o lugar e tempo no que sucede.
- Cómic, os contos, as novelas, etc son tipos de narración.

3.1 O CONTO.

Son relatos breves escritos en prosa. Contan os feitos que lles suceden a uns personaxes. Hai contos modernos e populares (narran historias que foron transmitidas de forma oral has que se escribiron).

3.2 A NOVELA.

Son relatos escritos en prosa, relatan os feitos que lles suceden a uns personaxes. Diféréncianse dos contos en que son máis extensas e complexas.